

O Tribunal das probas selectivas para o ingreso na categoría de auxiliar técnico de servizos para dar cumprimento ao establecido na convocatoria adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: facer públicos os criterios de corrección do terceiro exercicio do procedemento selectivo, segundo se indica:

Terceiro exercicio: O terceiro exercicio consistirá na realización dun exercicio de carácter práctico ou teórico-práctico, proposto polo tribunal e relacionado co contido do programa específico, no cal os/as aspirantes deberán demostrar as capacidades para o desempeño das funcións correspondentes.

O exercicio consistirá nun cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, máis catro (4) de reserva, con catro respostas alternativas das que só unha será correcta.

O tempo para a realización deste exercicio será de 75 minutos.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 30 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 12,5 puntos. Para acadar a puntuación mínima para a superación do exercicio será necesario contestar un mínimo do 60% do total das respostas correctas (24 preguntas).

As preguntas incorrectas non puntuará negativamente.

Segundo: Lembrar ás persoas aspirantes que deberán vir provistas dun documento oficial que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou permiso de conducir) así como lapis do núm. 2 e goma de borrar.

Santiago de Compostela

O presidente do Tribunal

Manuel Boquete Botana

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Taboleiro de anuncios. Páxina web.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MANUEL BOQUETE BOTANA, XEFE A DA SUBAREA DE CONVOCATORIAS E PROGRAMAS DE RECURSOS HUMANOS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 28/07/2023 09:15:02.

CSV: 82E7-6C4F-45FE-9E07